

5 DE OUTUBRO DE 2022, DÍA MUNDIAL DOS DOCENTES

O 5 de outubro celébrase o Día Mundial dos Docentes; é a data na que a **Unesco** e a **Organización Internacional do Traballo (OIT)**, decidiron render homenaxe a unha das profesións máis valiosas dentro de calquera sociedade: o ensino, os docentes. Esas persoas que teñen o deber e a paixón de formar á xeracións futuras e así garantir o desenvolvemento dos países.

A elección desta data débese a que ese mesmo día, pero no ano 1966, celebrouse unha **Conferencia Intergubernamental Especial sobre o Estado dos Docentes**, para discutir sobre os deberes, pero, sobre todo, sobre os dereitos os do gremio docente a nivel mundial.

Desde entón, o labor do docente foi gañando importancia. Tanto é así, que entre los obxectivos da **Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible**, a educación xoga un papel fundamental e por isto proxéctase que, no futuro, fará falta un maior número de profesionais nesta disciplina.




<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/education/>

Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos e todas

**4 EDUCACIÓN
DE CALIDAD**





Tema 2022: "A transformación da educación comeza cos e coas docentes"

En setembro de 2022 celebrouse o Cumio sobre a Transformación da Educación, onde se abordaron os compromisos sobre os que se vai traballar actualmente no ámbito da docencia.

O tema elixido para o ano 2022 é "**A transformación da educación comeza cos e coas docentes**". Trátase de abordar temas como a garantía dos dereitos laborais e o acceso a oportunidades de desenvolvemento profesional.

Aquí se pode consultar o [programa completo das celebracións](#) polo Día Mundial dos e das docentes, que terán lugar do 5 ao 7 de setembro de 2022.

Haberá diversos actos para analizar a problemática actual á que se enfrenta o profesorado, as mellores formas de garantir unha educación de calidade e unhas condicións laborais dignas para todos os profesores e profesoras.

Nalgúns países do mundo, **os docentes enfróntanse cada día a problemas para poder desenvolver a súa tarefa**. Desde a falta de recursos e de material escolar pasando pola pouca implicación das familias para que os nenos e as nenas acudan á escola ou a imperiosa necesidade de incorporar a máis docentes para poder chegar a todos.

Neste Día do Docente fanse máis preocupantes os datos da UNESCO sobre o déficit de profesorado no mundo. As súas cifras indican que **faltan 69 millóns de docentes para chegar a todos e todas**. O incremento da poboación fai que, en moitos lugares do mundo, as clases superen a *ratio* aconsellada e que o profesorado non se sinta valorado. Por todo isto, hoxe máis que nunca, cómpre recordar a importancia da súa figura.

Feliz Día do Docente!